



ASUNTO: LEVANTAMENTO DA SUSPENSIÓN DE PRAZOS NO PROCESO SELECTIVO URXENTE DE 4 AUXILIARES DE POLICIA LOCAL

Visto o informe da Técnica de Administración Xeral de Secretaria de data 21 de maio de 2020 no que se indica:

“ASUNTO. LEVANTAMENTO DA SUSPENSIÓN DOS PRAZOS DO PROCESO SELECTIVO URXENTE DE CATRO AUXILIARES DE POLICIA LOCAL.

En base ó disposto no artigo 174.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, e 79 da lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común.

INFORME

Antecedentes Administrativos.

1º.- Neste concello estábase a tramitar proceso selectivo urxente para a selección de 4 auxiliares de policía local, para prestar servizo durante 6 meses no ano 2020.

2º.- Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 17 de febreiro do 2020 aprobáronse as bases da convocatoria indicada.

3º.- O 13/03/2020 publicouse na páxina web do concello e no taboleiro de anuncios a lista provisional de admitidos e excluídos no proceso selectivo.

4º.- O Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, na súa disposición adicional terceira, establece:

“ Suspensión de prazos administrativos.

1. Se suspenden términos y se interrumpen los plazos para la tramitación de los procedimientos de las entidades del sector público. El cómputo de los plazos se reanudará en el momento en que pierda vigencia el presente real decreto o, en su caso, las prórrogas del mismo.

2. La suspensión de términos y la interrupción de plazos se aplicará a todo el sector público definido en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

*3. No obstante lo anterior, **el órgano competente podrá acordar, mediante resolución motivada, las medidas de ordenación e instrucción estrictamente necesarias para evitar perjuicios graves en los derechos e intereses del interesado en el procedimiento y siempre que éste manifieste su conformidad**, o cuando el interesado manifieste su conformidad con que no se suspenda el plazo.*

4. La presente disposición no afectará a los procedimientos y resoluciones a los que hace referencia el apartado primero, cuando estos vengán referidos a situaciones estrechamente vinculadas a los hechos justificativos del estado de alarma.”

O que supuxo a suspensión dos prazos administrativos dende o 14/03/2020. Nese intre no proceso selectivo que nos ocupa estaba pendente o prazo de 5 días hábiles concedidos ós /as aspirantes provisionalmente excluídos /as do proceso selectivo para subsanar deficiencias ou realizar alegacións.

5º.- As bases do proceso selectivo determinan un período de prestación de servizos con remate o 31 de decembro do 2020 de 6 meses para cada un dos seleccionados.



FIRMAS Y FECHAS





6.-º O concello ten coñecemento de que mediante resolución de data 18 de maio do 2020 a ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PUBLICA, acordou:

“2º.- Iniciar os procesos selectivos para a cobertura de postos de auxiliares de policía local e prazas das categorías de policía e oficial dos corpos das policía locais galegas, indispensables para a protección do interese xeral e o funcionamento básico dos servizos, de acordo coas prazas comunicadas polos concellos.”

Lexislación aplicable.

- O Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19
- RD Lei 5/2015, de 30 de outubro, por el que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases del Réxime Local (LBRL)
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aproba o Texto Refundido de las disposiciones legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e los programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local (de carácter supletorio).
- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ó Servizo da Administración Xeral do Estado.
- Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, por el que se aproba o Texto Refundido de la Lei del Estatuto dos Traballadores.
- Convenio Colectivo aprobado polo Concello.

Consideracións xurídicas

Primeiro.- O Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, na súa disposición adicional terceira, establece:

“ Suspensión de prazos administrativos.

1. Se suspenden términos y se interrumpen los plazos para la tramitación de los procedimientos de las entidades del sector público. El cómputo de los plazos se reanuda en el momento en que pierda vigencia el presente real decreto o, en su caso, las prórrogas del mismo.
2. La suspensión de términos y la interrupción de plazos se aplicará a todo el sector público definido en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.
3. No obstante lo anterior, **el órgano competente podrá acordar, mediante resolución motivada, las medidas de ordenación e instrucción estrictamente necesarias para evitar perjuicios graves en los derechos e intereses del interesado en el procedimiento y siempre que éste manifieste su conformidad, o cuando el interesado manifieste su conformidad con que no se suspenda el plazo.**
4. La presente disposición no afectará a los procedimientos y resoluciones a los que hace referencia el apartado primero, cuando estos vengán referidos a situaciones estrechamente vinculadas a los hechos justificativos del estado de alarma.”

No presente caso, tendo en conta que as bases do proceso selectivo determinan un período de prestación de servizos, con remate o 31 de decembro do 2020, de 6 meses para cada un dos seleccionados, para cumprir co





disposto nelas os aspirantes seleccionados deben iniciar a prestación de servizos como moi tarde o 1 de xullo do 2020.

Esta data determina que deba resolverse o proceso selectivo con premura para poder cumprila. Polo que a xuízo desta técnico ó levantamento dos prazos administrativos no proceso selectivo que nos ocupa, protexería e garantiría os dereitos e intereses dos aspirantes inscritos no mesmo, en cara a permitir que os finalmente seleccionados poidan esgotar o período de prestación de servizos fixado nas bases, 6 meses.

Polo que procede propor á Alcaldía, a que teño a honra de me dirixir, que decrete o levantamento da suspensión dos prazos administrativos dende o día seguinte a publicación de dito decreto n a páxina web e taboleiro de anuncios municipal.

Este e o meu informe sen prexuízo do que con mellor criterio a alcaldía poida acordar.

No lugar e data da sinatura dixital."

RESOLVO

PRIMEIRO.- Decretar o levantamento da suspensión dos prazos administrativos, no proceso selectivo urxente de 4 auxiliares de policía local, reanudándose ditos prazos, dende o día seguinte á publicación de deste decreto na páxina web e taboleiro de anuncios municipal, polos motivos expostos no informe referenciado.

MONFORTE DE LEMOS, data da sinatura do Sr. Alcalde
Ordena e asina o Sr. Alcalde
Certifica e asina o Sr. Secretario



FIRMAS Y FECHAS

